

ANUNCIO

Faise público que por Resolución da Alcaldía 828/2020 do 7 de setembro, ditáronse os seguintes acordos referidos a Comisión de servizos voluntaria para o posto de conserxe:

“PRIMEIRO.- Cubrir en comisión de servizos o posto vacante da RPT 06.06.02.06 de conserxe, polo funcionario de carreira do Concello de Fene, Pedro Antonio Prieto Seijas, polo prazo dun ano, sen prexuízo de que nun momento anterior poida revogarse a comisión concedida pola ausencia dos requisitos que a motivan ou pola cobertura do posto mediante a correspondente provisión definitiva.

Previa conformidade de Pedro Antonio Prieto Seijas, a comisión de servizos poderá ser prorrogada, como máximo, por outro ano mais no caso de que se manteñan os requisitos que a motivan e o posto permaneza vacante.

SEGUNDO.- Requirit a Pedro Antonio Prieto Seijas que tome posesión en comisión de servizos do posto 06.06.02.06 de conserxe no prazo de 3 días hábiles a contar desde a notificación desta resolución.

TERCEIRO.- Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderá impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de persoal, á intervención municipal, e á Xunta de Persoal, aos efectos oportunos.”

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey